

Glosario

Acícula: folla estreita e alongada, en forma de agulla

Bacteria: organismo microscópico, unicelular e sen núcleo definido (procariota), pertencente ao reino Monera.

Bioblitz: evento de ciencia cidadá no que, nun período moi curto e intensivo, equipos de persoas percorren unha área concreta para rexistrar o maior número posible de especies vivas.

Biodiversidade: variedade de seres vivos que habitan na Terra ou nun ecosistemas

Biosfera: sistema formado polo conxunto dos seres vivos do Planeta Terra e as súas interaccións. .

Cadea alimenticia ou cadea trófica: secuencia de seres vivos na que uns se alimentan doutros, desde os produtores ata os descompoñedores.

Ciencia cidadá: forma de investigación científica na que persoas non profesionais colaboran na recollida e análise de datos.

Cutícula: capa externa e impermeable que cobre as partes aéreas de moitas plantas e algas, protexéndoas da perda de auga.

Descomposición: proceso polo cal os organismos degradan materia orgánica (restos de seres vivos) en substancias máis simples.

Desecamento: proceso polo cal un organismo ou estrutura perde auga ata secarse parcial ou totalmente.

Ecosistema: conxunto formado polos seres vivos (plantas, animais, microorganismos...) e o medio físico (auga, solo, aire...) que interactúan entre si nun lugar determinado.

Endémico: organismo que se atopa de forma exclusiva nunha rexión ou zona xeográfica determinada.

Especie: grupo de individuos que comparten características semellantes e poden reproducirse entre si dando descendencia fértil.

Estímulo: calquera cambio no ambiente que é detectado por un ser vivo e provoca unha resposta

Extremófilo: organismo que vive en condicións extremas nas que se pensaría que non é posible a vida.

Fitoplancto: está formado por cianobacterias, microalgas que flotan nas augas doces e mariñas. Realizan a fotosíntese, son a base da cadea alimentaria acuática e producen gran parte do osíxeno do planeta

Fermentación: proceso no que certos organismos obteñen enerxía transformando a materia orgánica en ausencia de osíxeno.

Fotosíntese: proceso mediante o cal as plantas, as algas e o plancto vexetal transforman a enerxía da luz solar en nutrientes, usando dióxido de carbono e auga.

Gameto: cada unha das células reprodutivas que se xuntan na reprodución sexual

GBIF: Global Biodiversity Information Facility. Plataforma global que almacena datos de biodiversidade de todo o mundo.

Heterótrofo: organismo que obtén o seu alimento a partir doutros seres vivos.

Himenio: capa fértil dos fungos onde se producen e liberan as esporas

Malaria: enfermidade infecciosa transmitida por mosquitos do xénero *Anopheles* e causada por protozoos do xénero *Plasmodium*.

Materia inorgánica: substancias que non proceden directamente dos seres vivos e que, normalmente, non conteñen carbono (hai excepcións, como o dióxido de carbono). Inclúe auga, sales minerais (como o sal, calcio..) e gases (osíxeno, nitróxeno).

Materia orgánica: conxunto de substancias que conteñen carbono e que proceden directa ou indirectamente dos seres vivos ou dos restos da súa descomposición

Microbiota: conxunto de microorganismos que viven de forma natural no corpo doutros seres vivos, como as persoas. É como unha comunidade microscópica que vive connosco e nos axuda a manter a saúde.

Mixótrofo: organismo que pode alimentarse de distintas formas: facendo fotosíntese ou alimentándose outras células.

Natusfera: plataforma dixital de ciencia cidadá onde se poden rexistrar e compartir observacións de seres vivos.

Nodo: punto de acceso ou de conexión nunha rede

ODS: obxectivos de desenvolvemento sostible. Conxunto de metas globais establecidas polas Nacións Unidas para promover o desenvolvemento sostible en todo o mundo.

Ornamental: organismo ou elemento que se cultiva ou utiliza polo seu valor estético.

Parasito: organismo que vive a expensas doutro, obtendo nutrientes e causándolle algún prexuízo

PCR: siglas de Reacción en Cadea da Polimerasa en inglés. Técnica de laboratorio que permite crear moitas copias dunha molécula de ADN partindo de moi poucas.

Pigmento: substancia que absorbe luz de certas cores e reflicte outras, dando cor aos organismos.

Pseudópodo: prolongación da célula que lle permite desprazarse ou capturar alimento.

Quimiosíntese: proceso que realizan algúns microorganismos para obter enerxía a partir de substancias químicas, sen necesidade de luz solar.

Quitina: substancia resistente que forma a parede celular de certos organismos.

Serendipia: descubrimento valioso que ocorre de forma inesperada ou por casualidade, mentres se buscaba outra cousa.

Simbiose: relación estreita de dependencia entre dous organismos diferentes na que ambos se benefician.

Sintetizar: formar unha sustancia a partir doutras máis simples mediante procesos químicos.

Sostible: acción que non pon en risco a vida na Terra nin dana o medio ambiente, tanto no presente como no futuro.

Sumidoiro CO₂: sistema natural ou artificial que absorbe máis dióxido de carbono do que emite, axudando a reducir a súa concentración na atmosfera.

Tecido: conxunto de células similares que realizan unha función específica nun organismo.

Variable controlada: factor ou condición que se mantén constante durante todo o experimento para garantir que os cambios observados na variable dependente se deben exclusivamente á variable independente.

Variable dependente: elemento ou fenómeno que se mide ou observa nun experimento e que varía en función dos cambios aplicados á variable independente.

Variable independente: magnitude ou condición que o experimentador modifica intencionadamente para observar os seus efectos noutras variables.

Vasculares: tecidos especializados (xilema e floema) no transporte de auga, sales minerais e nutrientes.

Zarción: filamento fino e enrolado que usan algunhas plantas para suxeitarse a outras estruturas mentres medran



“Título do documento”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0